

ACTA

Mesa de coordinación interna do programa CAI

29/10/2024

Hora: 13,00h

Lugar: Sala de Xuntas do concello de Teo

Orde do día:

1. Aprobación da acta da última sesión de febreiro de 2024.
2. Información sobre a reunión da Mesa Comunitaria
3. Programación da celebración do CLIA do 20 de novembro
4. Outros

Deliberacións:

1. Aprobación da acta da última sesión de febreiro de 2024. A secretaria pide desculpas porque esta acta non se enviara en tempo, e fai referencia a algunhas cuestións que se recollían na mesma como a formación coa UDC do programa IMCITIZEN que xa se realizou no mes de abril con grade éxito de profesionais e entidades relacionadas coa infancia e adolescencia do noso concello. Finalizada esta formaicón rematou tamén o convenio asinado coa Universidade. Tamén refire a posta en marcha da creación do grupo de whatsapp deste órgano así como as últimas actividades do Consello Climático Xuvenil, que ten previsto rematar a súa actividade no vindeiro mes de novembro. Apróbase por unanimidade.

2. Información sobre a reunión da Mesa Comunitaria. A secretaria informa de que esta reunión ía ter lugar antes da xuntanza desta mesa pero finalmente se cambiaron as datas e programouse para mañá polo que se lles dará conta en próximas reunións.

3. Programación da celebración do CLIA do 20 de novembro. Eva López da conta da asistencia o día 12 de novembro do CLIA ao *XII Foro de participación da infancia e adolescencia do Parlamento de Galicia* coa presenza de 14 representantes, e 1 delas Julia realizando o discurso no pleno. Informa tamén de como é a composición do grupo de representantes As Toupas de Teo este curso de cara á celebración do CLIA. Temos na actualidade 25 representantes, dos cales son 18 de Secundaria e só 7 de primaria, sendo posible que haxa 2 baixas en breve.

Sobre a programación do CLIA do 20 de novembro explícase a posibilidade de apertura a centros educativos de Teo para visibilizar a actividade deste órgano de participación e así poder ampliar o coñecemento e formación no exercicio deste dereito a máis poboación infantil e adolescente. Como as persoas presentes están dacordo continúa informando de que se lles podería enviar aos centros educativos a Guía de UNICEF para que o alumnado faga actividades e visibilizar o resultado a través de pancartas e

carteis sobre o dereito á participación, e poidan vir con eles á celebración do CLIA, vindo do colexio da Ramallosa andando cunha pancarta. Como todos os anos, está pendente tamén o envío do cartel conmemorativo dos dereitos da infancia a todos os centros educativos ao longo do próximo mes de novembro. Na reunión analízanse as necesidades de xestión e organización deste acto cos centros educativos, Protección Civil, etc. En relación ás propostas que o FoPIA vai presentar no CLIA van formularse a modo de retos tal e como se recolle na Guía que enviou UNICEF para abordar o exercicio do dereito á participación infantil e adolescente, pero como a súa reunión vai ser o 4 de novembro queda pendente trasladarlles información máis concreta dos mesmos máis adiante. Por outra banda, tamén a Alcaldesa poderá ler a Declaración institucional á que nos adherimos como concello a proposta de UNICEF, e que recolle o compromiso para que as nenas, nenos e adolescentes vivan e participen nun contorno libre de violencia. Neste senso, faise referencia a que a LOPIVI obriga aos concellos a nomear delegados de protección nas actividades deportivas e Eva queda en enviarlle a Rogelio o mandato da lei no ámbito de Deportes.

4. Outros. Non hai

Dase por finalizada a sesión ás 14,00h.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 29/10/2024.